



FEITO A MAN
2016

#feitoaman2016

FESTIVAL FEITO A MAN.

Feito a Man é un festival de rúa organizado pola ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA que nace no ano 2003 e que pretende xerar sinerxias entre os espazos singulares da cidade e a creación artística.

Durante o mes de agosto, Feito a Man diseña e pon en escena un ciclo continuado de actuacións no que caben actividades artísticas de diverso xénero. Un festival de diversidade. Un fenómeno espacial onde interactúan os suxeitos dunha colectividade a través da creación.

Un dos obxectivos fundamentais do festival Feito A Man é dar a coñecer e difundir a capacidade creativa da cidade e o potencial da cidade vella como entorno excepcional para o seu posicionamento e visibilización.

Os escenarios de Feito a Man son as rúas e prazas da cidade histórica de Compostela que se converten nun marco singular para deixar o protagonismo ao artista, o espectador, o espazo e as sinerxias que entre eles se producen.

**| FEITO A MAN. GAÑADOR DOS PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA
MÚSICA 2016, NA CATEGORÍA DE MELLOR FESTIVAL |**

ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA.

É unha asociación que reúne locais de hostelería da zona vella compostelana cun compromiso claro coa cultura e coa cidade, dende fai case 30 anos.

A aposta pola singularidade, pola diversidade, pola creatividade, polo propio e polo alleo, pola xente e pola festa son os ingredientes recollidos paseniño ao longo destes anos. Apostamos por unha cultura sostible...para facer do talento creativo da cidade motor de transformación.

Queremos unha cidade viva.... para disfrutar de experiencias singulares e participativas nun entorno único .

Temos vontade transformadora...para facer da cidade vella un lugar de vida singular; un lugar único no que asentar novas posibilidades de desenvolvemento baseadas na vitalidade social, económica e cultural.

Facemos un traballo singular: Unha hostelería próxima, creativa, honesta e profesional.

A [Asociación Cultural Cidade Vella](#) actualmente somos:

A Casa das Crechas, A Gramola, A Reixa, Ateneo, Atlántico, Borriquita de Belém, Caldeirería, Camalea, Chocolate, Embora, Fraggie Rock, Kapital, La Croquette, Literarios, Modus Vivendi, Momo A rúa, O Pozo, Paraíso Perdido, SCQ, Xuntanza.

FEITO A MAN 2016. A XIII EDICIÓN.

A partir do martes do 2 agosto de 2016 e ate o sábado 27, o Feito a Man encherá de música a zona vella compostelana. Cun total de SESENTA formacións artísticas de diferentes estilos musicais. O groso do festival recae nas terrazas dos establecementos organizadores: espectáculos de pequeno formato en espazos fermosísimos. Mais tamén haberá, como vén sendo habitual nos últimos anos, espectáculos en prazas como a de San Martiño Pinario, a de Cervantes, a de Mazarelos ou o xardín da zona C.

Cabe destacar a noite que terá lugar na Praza da Quintana o domingo 21: A Gran Foliada Balgalaika! Coas actuacións de Radio Cos e Fanfare Ciocarlia (Rumanía). Unha festa única e irrepetible para bailar ao ritmo da música de baile de Galicia e a música Gipsy Brass dos Balcáns.

A edición deste ano é posible grazas a:

- o apoio do Concello de Santiago de Compostela
- o patrocinio de Estrella Galicia e a Deputación da Coruña
- a colaboración de Tórculo, Casa de Xantar O'Dezaseis, Sweppes e Lodeiros.
- a colaboración de A Carrilana, Século IX, Moha, A Medusa e Dama Juana

FEITO A MAN 2016. OS ESPAZOS.

Os escenarios de Feito a Man son as rúas e prazas da cidade histórica de Compostela. Os lugares onde se desenvolverá o Feito a Man 2016 son os seguintes:

- Praza de Cervantes
- Praza da Quintana
- Rúa Tras San Fiz de Solovio
- Rúa Tras Salomé
- Rúa San Paio de Antealtares
- Vía Sacra
- Praza de San Martiño Pinario
- Praza de San Paio
- Praza de Salvador Parga
- Praza dos Gatos
- Praza de Feixóo
- Zona C - Bonaval
- Virxe da Cerca (Momo)
- Curro da Parra

- Praza de Abastos (Santo Agostiño)
- Rúa das Rodas
- Praza de Mazarelos
- Rúa Xelmírez
- Rúa Nova
- Rúa das Orfas

FEITO A MAN 2016. A PROGRAMACIÓN.

MARTES 2

- 13.30H | Pza de Cervantes (A Gramola) | Sesión vermú | TIS CHE TEIN (Tradicional galega)
- 20H | Vía Sacra | CRIATURES (Folk Catalán)
- 22H | San Paio de Antealtares | ANIMAL BLUES (Blues)

MÉRCORES 3

- 19.30H | Rúa das Rodas (Fraggle Rock) | GREG IZOR & EMILIO ARSUAGA + convidados (Blues)
- 21H | Praza de Mazarelos | MARMOTA PHIL (Pop-rock indie) + deLOMBAOS (funk, rock)

XOVES 4

- 19.30H | Praza de Abastos (Santo Agostiño) | ANIMAL BLUES (Blues)
- 21H | Praza de San Martiño Pinario: ALÔ DJANGO (Gypsy jazz) + LOS ROCKIN´CORSARIOS (Rock´n´roll)

VENRES 5

- 13.30H | Rúa Xelmírez: Sesión vermú | OÍMA (Tradicional galega e europea de baile)
- 18H | Praza de Feixóo | PRÍMULA (Folk) + ARAMAT (Música árabe)
- 21H | Bonaval (Zona C) | deLOMBAOS (Funk, rock) + MAD MARTIN TRÍO (Rock´n´roll)
- 22H | A Quintana (Literarios) | MICHELLE ALANY & THE NEFESH JOYKESTRA (Balcánica,gypsy,kelzmer)

SÁBADO 6

- 13.30H | Praza de San Martiño Pinario: Sesión vermú | PINCHAS & PINCHOS(Sesión DJ)
- 20H | Trás San Fiz de Solovio | SOKRAN (Hip-hop)
- 22h | Praza de San Paio de Antealtares | THE FABULOUS RESACA BROTHERS (Blues)

DOMINGO 7

13.30H | Rúa Nova | Sesiós vermú | GREEN WITH ENVY (Jazz)

20.00H | Virxe da Cerca (Momo) | TRANSLATIONS TRIO
(Flamenco)

LUNS 8

18H | Praza de Cervantes (A Gramola) | OÍMA (Tradicional
galega e europea de baile)

20H | Virxe da Cerca (Momo) | MARCOS PIN TRIO FT. PABLO
CASTANHO (Jazz)

22H | Trás Salomé | SPACE FLIPPER (Rock alternativo)

MARTES 9

13.30H | Trás San Fiz de Solovio | Sesión vermú | POESÍA CANALLA
(Poesía e rock)

20H | Vía Sacra | TRANSLATIONS TRIO (Flamenco)

22H | San Paio de Antealtares | 1045 (Funky jazz)

MÉRCORES 10

13.30H | PRAZA DE CERVANTES | sesión vermú | DJs

20H | Rúa de Xelmírez | SINESTESIA (pop, blues)

21H | PRAZA DE CERVANTES | MORGANS (Pop-rock) +
BRINCADELIA TROUPE (reggae, ska, samba, cumbia..)

XOVES 11

13.30H | Trás San Fiz de Solovio | Sesión vermú | ES UN ÁRBOL
(Rock absurdo) + DJ

19.30H | Praza dos Gatos | TACÓN GITANO & LOS POTROS
(Flamenco)

21H | Praza de San Martiño Pinario | SABELA & THE
HEARTBREAKERS (Blues) + 1045 (Funky jazz)

VENRES 12

13.30H | Curro da Parra | Sesión vermú | TATO TRÍO (soul, jazz)

18H | Praza de Feixóo | BUXEIRO JAZZ + SERGIO TANNUS TRÍO
(Música do Brasil)

21H | Bonaval (Zona C) | BENTO VELOSO & LOS DOCE TRINCHES
(Surf alternativo, garage) + SAMESUGAS (Rock)

SÁBADO 13

13.30H | San Paio de Antealtares | Sesión vermú | THE
COQUETTOS (Gypsy Jazz)

20H | Praza de Abastos (Santo Agostiño) | NARCI RODRÍGUEZ &
MARCOS PIN (Jazz)

22H | Praza de San Paio de Antealtares | CORA SAYERS (indie,
pop-rock alternativo)

DOMINGO 14

13.30H | Trás San Fiz de Solovio | Sesión vermú | DIDJANG (Étnica) + DJ

22H | Praza dos Gatos | ADRIAN COSTA (Rock'n'roll, blues)

LUNS 15

20H | Virxe da Cerca (Momo) | NASTASIA ZÜRCHER (Soul, funk)

22H | Trás Salomé | GATOS BIZCOS (Blues)

MARTES 16

13.30H | Rúa das Orfas | Sesión vermú | NARCI RODRIGUEZ & MARCOS PIN (Jazz)

20H | San Paio de Antealtares | ALEJANDRO VARGAS TRÍO (Jazz)

22H | Trás San Fiz de Solovio | MOJO EXPERIENCE (Soul, blues)

MÉRCORES 17

13.30H | Curro da Parra | Sesión vermú | WÖYZA (Hip-hop,soul)

19.30H | Praza dos Gatos | LA BANDA DE NASH (Rock standards)

21H | Praza de Mazarelos | THE COQUETTOS (Gypsy jazz) + GATOS BIZCOS (Blues)

XOVES 18

19.30H | Vía Sacra | A BANDA DAS CRECHAS (Tradicional galega)

21H | Praza de San Martiño Pinario | ERIN & DJ MIL "Ninja Monkeys" (Rap, raggamuffin, dancehall) + IGMIG (Rock alternativo)

22H | Rúa de Xelmirez | POETARRAS (Folk-rock satírico)

VENRES 19

13.30H | Vía Sacra | Sesión vermú | UKESTRA DO MEDIO (Orquesta de Ukeleles. Rock'n'roll, country, swing)

20H | Rúa das Orfas | MIGUEL FLORES TRÍO (Flamenco)

22H | A Quintana (Literarios) | JAP 4 (Funk jazz)

SÁBADO 20

13.30H | Trás San Fiz de Solovio | CUMBANCHA DE LA MARTINIANA (Música mexicana) + DJ

18H | Praza de Feixóo | RAMOS (Rock) + SABELA & THE HEARTBREAKERS(Blues)

22H | Praza dos Gatos | THE AGAPORNIS (Funk,soul)

DOMINGO 21

21H | GRAN FOLIADA BALGALAIKA coa colaboración de 1906 na Praza da Quintana con: RADIO COS (música de raíz) + FANFARE CIOCARLIA (Gypsy Balcánico/ Rumania)

Prezo da entrada: 12€ anticipada (nos establecementos da A.C. Cidade Vella; 15€ na billeteira)

LUNS 22

20H | A Quintana (Literarios) MARCOS PIN TRIO FT. PABLO CASTANHO (Jazz)

22H | Praza de San Paio de Antealtares | CACHAS AND COUSINS (Reggae, ska)

MARTES 23

20H | Vía Sacra | ALEJANDRO VARGAS TRÍO (Jazz)

22h | San Paio de Antealtares | TACÓN GITANO & LOS POTROS (Flamenco)

MÉRCORES 24

13.30H | PRAZA DE CERVANTES | Sesión vermú | DJs

19.30H | Rúa das Orfas | PABLO SEOANE TRÍO (Jazz)

21H | PRAZA DE CERVANTES | AGORAPHOBIA (Rock) + KOKOMO (Rock/ Francia)

XOVES 25

20H | Praza dos Gatos | NASTASIA ZÜRCHER (Soul, Funk)

22H | Trás Salomé | KOKOMO (Rock/ Francia)

VENRES 26

20H | Praza de Abastos (Santo Agostiño) | MOJO EXPERIENCE (Soul, blues)

22H | Virxe da Cerca (Momo) | SPACE FLIPPER (Rock alternativo)

SÁBADO 27

13.30H | Praza de Feixoo | Sesión vermú | LOS CHAVALES (rock español dos 60) + DJ Reixa

22H | Trás Salomé | EDU CALVARIO & LOS MARTIRES DEL CAMPOSANTO (Rock, Folk-rock)

OFF FEITO A MAN (outros contidos ao vivo)

VENRES 5 e 12 ás 24h | Rúa das Rodas (Fraggle Rock) | NERVIO
FARAÓN DJ (plástico elástico)

SÁBADO 6 ás 18h | Praza de Salvador Parga | M DE CALCUTA (Dj
session/Friky style)

LUNS 8 ás 21h | Praza San Martiño Pinario: TERRACEANDO EN
CAMALEA con BINNIE CRINT & DIGO DIEGO (hip hop)

XOVES 11 e 25 ás 22.15h | A Quintana (Literarios): LA BANDA DE
NASH (Rock standards)

DOMINGO 14 ás 21.30h | Tras San Fiz de Solovio | PROXECIÓN DA
LONGAMETRAXE "LOS FENÓMENOS" de Alfonso Zarauza

VENRES 19 ás 21h | Praza de Salvador Parga | XANSOLO'S
(Electrolírica.Música electrónica)

LUNS 22 ás 21h | Praza San Martiño Pinario | GROVEZILLA (Funk)

FEITO A MAN 2016. OS ARTISTAS.

ALÓ DJANGO

Aló Django é un proxecto galego que busca a inspiración no jazz e na música dos xitanos "manouche" centroeuropeos: o chamado gypsy swing, un estilo, lírico, alegre e acústico cuxo máximo representante é o mítico guitarrista Django Reinhardt. Ademais Aló Django é un show divertido máis alá do estrictamente musical, coa presenza do claqué e a interacción cómica co público, enfiando así música con xéneros escénicos de entretemento como o cabaré ou o music-hall, de onde veñen parte dos seus integrantes.

CACHAS & COUSINS

Cachas and Cousins nace en Santiago de Compostela no ano 2014. Esta formación inclúe no seu repertorio clásicos da escea rocksteady xamaicana dos anos 60 e algúns outros temas levados á linguaxe reggae. Todos os seus membros veñen doutros proxectos musicais e deciden formar esta banda pola paixón en común polos ritmos reggae e ska. Esta proposta tenta reporducir o formato de orquesta rocksteady, sendo música de raíz coma o blues ou o country. Pensado para o directo e para facer bailar ao público!

BANDA DE NASH

Leo, Pablo e Carlos teñen, por separado, unha longa traxectoria artística ás súas costas. Xuntos, levan máis de 25 anos tocando e residindo en Compostela. Versionan o mellor do pop-rock español e internacional, dende The Beatles ate a actualidade e sempre se rodean de bos amigos e músicos que os acompañan en cada concerto.

THE FABULOUS RESACA BROTHERS

The Fabulous Resaca Brothers nace cando nun concerto no Embora os sus membros deciden que é un nome que encaixa co proxecto. Pero o grupo xa comezara a andar bastante antes disto, cando Lucas Ferrández (Dixie Town, Bakin Blues Band) e Ramón Figueira (The Lakazans) se xuntan con Fon Botana para facer jam sessions todas as semanas en diferentes bares composteláns. Ao principio recreábanse nun Blues máis acústico e clásico cunha formación pequena pero pouco a pouco vanse unindo outros músicos.

IGMIG

Formado por Mig Seoane (voz e guitarra), Nacho Muñoz (voz e teclados) e Suso Feixón (batería). Este trio vigués é difícil de encasillar: grandes doses de postpunk, funk, rock progresivo, electro, techno... aínda que tamén introducen elementos da música clásica do sXX como

o serialismo e a improvisación. As letras recordan o dadaísmo e utilizan a prosodia da voz como elemento compositivo. Igmig renova a súa proposta musical con temas novos acompañando aos hits que os fixeron destacar na pasada edición do Feito a Man, sempre mantendo o mesmo concepto lúdico de música e performance onde o humor e a calidade musical son protagonistas.

ES UN ARBOL

Eles son o futuro como o sorriso dun neno e están dispostos a facerte arder dentro da súa agreste maquinaria musical. 10 anos de traxectoria e multitude de concertos pola galia e o resto da península. Cada vez que mercas un disco de Es un Árbol nace un oso panda. Es un Árbol pertencen ao colectivo musical Metamovida.

ADRIÁN COSTA

Cantante e guitarrista compostelán, Adrián Costa é un dos representantes máis valorados do Blues español. Comenzou na súa cidade natal aos 13 anos coa banda The Red Blues Band. Logo de mudarse a Madrid e de ter a posibilidade de colaborar con grandes artistas internacionais do blues, funda, xunto con Marcos Coll, Los Reyes del K.O., formación coa que saca 6 discos e que o leva a participar en numerosos festivais europeos. Blues, Funk, e Soul son uns dos rasgos máis

característicos deste músico, aínda que non renega de mesturalos coas súas raíces latinas. Un guitarrista cunha voz poderosa que non concibe a música sin o baile.

WÖYZA

Wöyza é unha desas artistas que están a cambiar o panorama da cidade de Vigo, asociada tradicionalmente ao pop, cara a estilos que entroncan coa música negra, coa música de raíz como o soul, o hip hop ou o jazz. Os seus primeiros referentes, no 2003, foron Aretha Franklin, Fugees ou Faith Evans entre outras. Dende entón no parou de evolucionar e traballar. Froito dese esforzo foi o recoñecemento obtido nos Premios Martín Códax da Música no 2014 na categoría de hip hop e músicas urbanas. No seu último traballo, "Pelea", esta artista fai gala de rimas perfectas que falan do máis íntimo, moi críticas e emotivas, con conciencia, actuais e directas, acompañadas da súa apaixonada e desgarradora voz.

GREG IZOR & EMILIO ARSUAGA

Greg Izor vén de Austin (Texas) e é unha das potencias crecentes entre os armonicistas de blues. Mestura sons de Louisiana, Chicago e Texas, cun estilo persoal, tradicional e fresco.

Emilio Arsuaga, armonicista e vocalista, síntese como peixe na auga no blues de Louisiana, que é o que lle inspira máis a cantar e compoñer, aínda que as súas profundas influencias tamén son Texas e Chicago.

UKESTRA DO MEDIO

A Ukestra do Medio é unha orquestra de ukeleles nada na Escola do Medio (barrio de San Pedro - Compostela) a finais de 2013 baixo a dirección do músico Bernardo Martínez. Despois dun ano de arduos ensaios consiguen montar un repertorio variado e divertido acadando gran aceptación por parte do público e gañándose o apodo de "Ukestra feliz". Nos seus concertos levan ao seu terreno pezas dos máis diversos estilos: de clásicos do rock'n'roll, country, swing ou pop a cancións tradicionais galegas, fados, cumbias tanguos ou bossanovas. Entre os autores aos que renden homenaxe están Mills Brothers, Neil Young, Os Cempés, António Zambujo ou Los Panchos, entre moitos outros.

PABLO SEOANE TRÍO

Despois da publicación de Inópia, no 2014, o Pablo Seoane Trio volve presentar un feixe de novas composicións orixinais valéndose esta vez dunha formación pouco común: o propio Seoane ao piano acompañado de dous contrabaixistas: Jose Manuel Díaz e Saúl Puga. O

trío presenta por primeira vez ao vivo o contido do seu próximo disco, Psittaco.

MOJO EXPERIENCE

Banda compostelana de Blues & Soul cun estilo persoal e influencias de Tina Turner, BB King, The Allman Brothers, Eric Clapton, Ray Charles, etc. Unha bruxa vudú deulles a receita para facer vibrar sin tratar co demo. Ela dixo: "Colle unha pizca de pena e que arrastre. Ponlle unha base de alma e que suba. Bótalle todo o sangue e que arda. Sírvelles todo ese mollo... e que bailen!." E como co vudú non se xoga, contestaron...«Feito!»

POESÍA CANALLA

Trío compostelán formado no 2014 que explora novas formas de combinar a poesía con diversos estilos musicais; funk, rock, blues, swing, soul, músicas do mundo e máis, dunha forma divertida e diferente.

CUMBANCHA DE LA MARTINIANA

! Música 100% mexicana. Non son mariachis, son un trío acústico de música mexicana tradicional e contemporánea, interpretando cancións de temas revolucionarios, de amor e desamor, anécdotas da vida cotiá

que se cantan co corazón para curar as penas de vivos e rimos da muerte. Temas interpretados en castelán e zapoteco (lingua indíxena).

SOKRAM

Sokram é unha das voces de peso en Dios Ke Te Crew e unha das personalidades máis prolíficas e irreverentes do famoso colectivo hip hop. Vocalista, muralista e artista visual, en 2015 editou o seu primeiro LP en solitario titulado "Chuvia Ácida". Despois dunha extensa xira de presentación por algúns dos mellores festivais e salas do panorama galego, neste 2016 foi premiado como o mellor artista Hip Hop nos Premios Galegos da Música Martin Codax e recentemente foi escollido polo circuito musical estatal GPS (Girando Por Salas) para xirar por todo o estado español coa súa formación a trío. Un directo diferente, dinámico e progresivo, no que Hip Hop e electrónica se contorsionan co Rock&Roll, copulan con Funk e Blues e se colocan ata o éxtase ao chegar o Hardcore e a Psicodelia.

THE MORGANS

The Morgans é unha banda de Ponferrada formada no 2010 polos irmáns Miguel e Elías Rivas. Dende os seus inicios non paran de medrar e sumar concertos ás súas xiras. A súa primeira demo, Robber of Souls, entra no Top 10 de mellores demos para a revista Mondo Sonoro e fanse

co primeiro posto no concurso de bandas 'Salto a la Fama' onde se dan cita todas as bandas das comarcas do Bierzo e Valdeorras. No 2015 graban The Island, o seu último proxecto, e actualmente atópanse inmersos nunha xira de presentación por todo o territorio español.

MAD MARTÍN TRIO

No 2014 debutaron coa presentación dun EP "It was a very good year", título tomado dun dos temas talismán da banda, unha versión do tema de Ervin Drake que fixo popular Frank Sinatra. Levan realizado concertos en pequenos locais de rock&roll e tamén en grandes eventos como o Outono Codax Capitol ou o Rock at Sea (Suecia). Actualmente presentan o seu novo disco "Mad Martin trío-Time To Go Mad" editado pola discográfica sueca VintjörnRecords.

ERIN & DJ MIL

Erin e Dj Mil, pertencentes ao grupo "Comando Katana", xúntanse para dar forma a un novo proxecto chamado "Ninjah Monkeys", onde o rap, o raggamuffin e o dancehall fusiónanse para dar forma ao seu novo EP, "Gorilla Bangerz", un traballo cun son fresco e innovador que nos fará desatar o noso instinto máis animal. "Bad Boys" e "Gorilla Bangerz" foron os dous video singles de presentación deste traballo producido por Dj Mil e D3 (MSRecords).

ANIMAL BLUES

Animal Blues comeza a xestarse durante o inverno de 2013 como iniciativa do seu guitarrista e cantante Jaime Alvarellós. O plantexamento é o de volver ás súas orixes na música e tocar algo diferente ao jazz, que levaba tocando máis dunha década. Ademais, tamén o seducía a idea de volver ser a voz principal nun grupo. O estilo tiña claro, o blues está moi cerca do jazz a todos os niveis e era o que máis lle apetecía tocar. O seguinte era atopar músicos cos que compartir o proxecto: Kike Arza, Juanma Urriza e Alejandro Mingot.

MIGUEL FLORES TRÍO

Cando a paixón, o coñecemento e a experiencia se unen, o resultado è sempre único. Iso é exactamente o que sucede cando baila Isaías Salazar e o acompañan Miguel Flores á guitarra e Sandra Calderón ó cante. Todo encaixa, os sons veñen e van coa naturalidade de quen sabe o que quere dicir e como dicilo. A linguaxe: o flamenco. Estes tres artistas con elegancia, pero sen límites expresivos, lévannos de viaxe por un mundo de ritmo, movemento e beleza tan espontáneo como fácil de apreciar por cualquera tipo de público. Neste espectáculo, baile, cante e guitarra únense como elementos esenciais do flamenco máis honesto e apaixonado, expresándose na dualidade entre a tradición e a vangarda desta arte.

TIS CHE TEIN

Tichestein é unha emerxente formación de músicos galegos que, partindo da música popular, achéganse dun xeito natural tanto ás tradicións europeas como ás novas tendencias musicais atlánticas. Unha tímbrica caracterizada pola cor do vento e a vigorosidade das cordas sustentada nunha rica base rítmica. O resultado, un son sincero, orgánico e envolvente.

THE AGAPORNIS

The Agapornis nace en Cádiz no 2008 coa intención de facer mover as cadeiras de todo aquel que vaia aos seus concertos a base de funk e soul. A finais de 2014 presentan o seu primeiro LP titulado Roll Out, un disco producido pola propia banda e que, aínda estando cercano ao deep funk actual, non se olvida dos clásicos da música negra. Cancións “rompepistas” executadas por nove músicos cunha soa idea na cabeza: que non pares de moverte!

AGORAPHOBIA

Non vos deixedes enganar pola súa aparencia anxelical: estas rapazas levan o indie garage rock no sangue. A pesares da súa xuventude, gañaron o Vodafone yu Music Talent, que as levou a xirar por toda España con artistas de primeiro nivel como Russian Red ou The Zombie

Kids. Cunha base altamente explosiva, a presión sobre o escenario é o mellor colchón para unhas guitarras poderosas e contundentes. Entre elas, faise oco a personalísima voz de Susana, cun carácter arrollador que seduce é audiencia máis esixente.

LOS CHAVALES

Coñecidos grupo da escea compostelana que se forma no 2009 coa idea de facer versións de grupos dos anos sesenta españois: Brincos, Bravos, Salvajes, Lone Star, Gritos...Os seus concertos son sempre unha experiencia chea de diversión, baile a esgalla e emoción. En novembro de 2010 cumpren un dos seus soños: compartir palco con Los Salvajes, a quen renden tributo profusamente dende que se formou o grupo. O seu primeiro EP, "En mi agenda" está especialmente concebido para os amantes do vinilo, con clásicos de Love, Birds, Beatles e Sonics, adaptados ó castelán pola propia banda.

CRIATURES

Criatures é un duo íntimo, onde a gralla e o acordeón trasladanse a un terreo pouco explorado por estes dous instrumentos. Sen perder as orixes tradicionais e mantendo sempre os pés no terreo tradicional, achégase a novos estilos e a novos ritmos. Un traballo minucioso para poder

trasladar a un entorno concertístico estes dous instrumentos tan enraizados na festa popular a pé de rua.

MARMOTA PHIL

Marmota Phil é unha banda de pop rock indie con diversas influencias tanto nacionais como foráneas. Afincada nos arredores de Santiago de Compostela, gravan unha primeira maqueta no 2008 chamada "At the Stairs" e un longo no 2011 baixo o título de "Sigue Buscando". Estes dous traballos fixéronos xirar por gran parte da xeografía galega e ser finalistas de varios concursos: Nordés 2010, Vas Sacar Nota 2011 e Novo Son.

PRÍMULA

O proxecto musical "Prímula", gañador da categoría folk na convocatoria SGAE Galicia Creativa, nace da relación musical entre Alberto García e Cibrán Seixo (guitarrista e violinista respectivamente). Marcados pola súa formación en música contemporánea e clásica, atopan inspiración no jazz e música de raíz que perfilan o seu primeiro disco centrado no repertorio tradicional galego. A súa música é fresca, complexa e chea de matices creativos que bebe de referencias claves no panorama folk galego.

ARAMAT

Aramat preséntase nun formato único e orixinal en Galicia e xurde froito da necesidade de expresión da danza a través da música e viceversa. Unha viaxe musical e visual que nos achegará os ritmos do lonxano e medio Oriente, pasando por Armenia, Rumanía, Grecia... ata chegar a Península Ibérica, berce de ancestrais culturas, onde os árabes, xudeos e cristiáns conviviron durante séculos, e dos que recollemos o seu legado a través da música e a danza. O Klezmer (a música Sefardí) e, por suposto, a música tradicional galega, están presentes no seu repertorio, do que facen gala para amosarnos a súa propia fusión Galego-Oriental.

1045

1045 é un cuarteto formado por Iago Mouriño, Octavio Vargas, Pablo Añón e Miguel Lamas. Xuntos forman un proxecto baseado na mestura do jazz moderno con tintes de soul e rock. No directo predomina a improvisación como fio conductor, o que fai que cada concerto sexa único e irrepetible.

SINESTESIA

Grupo compostelán que nace no 2008. Letras coidadas, historias contadas sobre o tamiz do rock, o blues ou o folk rock americano, sen

olvidar influencias de tendencias máis actuais. No 2014 publican o seu primeiro LP “El punto de luz del Desván” onde reúnen as súas mellores cancións, achegándose máis que nunca ao son americano, con preferencia polos medios tempos.

BRINKADELIA TROUPE

Desde terras galegas e para toda a galaxia, unha nova explosión de son e enerxía positiva, unha reacción en cadea que ameaza con sacudir a mecánica dos nosos corpos cun forte ¡BOOM! de ritmo triturador e boas vibracións.

TACON GITANO & LOS POTROS

Tacón Gitano é flamenco, pero non un flamenco cualquera: é a voz dun pobo, o pobo xitano. Un pobo que soubo conservar ate os nosos días unha forma de vida e unha cultura propias. Un pobo que expresa como ninguén os seus sentimentos feitos música. As súas penas e as súas alegrías xa son patrimonio da humanidade e inundan case cualquera rincón do planeta de beleza e arte. Galicia non iba ser menos, e ten neste espectáculo embaixadores do mellor flamenco xitano: os Fernández, os Flores e os Salazar. Dende os paus máis tradicionais ate os máis modernos danse cita nunha hora de espectáculo fresco, natural, sen máis pretensión que a de ser un mesmo.

Sen outro propósito que o de compartir co espectador. Unha viaxe única, un deleite para os sentidos.

SABELA & THE HEARTBREAKERS

Trío formado por Sabela King, Ramón Figueira e Benjamín Vázquez, todos eles membros de The Lákazans. Estilisticamente móvense entre o blues, o country e o soul, adaptando versións dos clásicos destes xéneros a un formato reducido. Parte do repertorio está formado por temas propios.

BUXEIRO TRÍO

Álvaro Trillo é compositor e líder da banda Buxeiro Trío. Presenta o seu primeiro traballo *De buxo*, resultado da súa participación na convocatoria SGAE Galicia Creativa 2015 da que resultou gañador na categoría Jazz. Un repertorio ecléctico, caracterizado polo contraste e a dinámica que integra diferentes tendencias do jazz, resultado da insaciable creatividade que emerxe tras participar nalgúns dos proxectos máis destacados do panorama musical galego como Xoán Curiel, Dios Ke Te Crew ou Ataque Escampe.

SAMESUGAS

Samesugas naceron en Compostela no verán de 1999 e ao longo dos anos, con paso lento pero seguro, non pararon de tocar nin de editar discos grandes e pequenos, en solitario, compartidos ou recopilatorios, editados en lugares tan dispares como Arxentina, Alemania, Xapón ou Finlandia. Durante todos estes anos recorreron a xeografía galega e fixeron múltiples xiras por Portugal, Euskadi e o resto da Península Ibérica ademáis de algunha escapada ao norte dos Pirineos. Allenos a modas e poses, os Samesugas levan todos estes anos tocando rock'n'roll e fieis aos principios do punk. Os seus membros foron criados no hardcore underground dos '90 e iso marca para toda a vida.

CORA SAYERS

Cora Sayers, álter ego musical da actriz Cora Velasco, comeza a súa andaina en solitario no verán de 2014, tras pasar como corista e cantante de grupos de blues como "1000 Demonios Blues Band", de rock folk como "Querido Extraño" e de pop como "Crystal Ship". O seu primeiro LP titúlase "I'm Home" e preséntanolo en directo en formato quinteto.

NASTASIA ZÜRCHER

Nacida en Xenebra no seo dunha familia de músicos, esta xoven cantante e compositora suízo-galega crece inmersa nun universo cheo de melodías e ritmos multiculturais. Despois de formarse en diferentes lugares e de formar parte de diferentes proxectos musicais, Nastasia na súa carreira en solitario e presenta o seu primeiro traballo "*My Flight*". Composto integramente por temas propios, el disco conxuga estilos e sonoridades nunha sanísima fusión de Neo Soul, Pop Vocal de Autor, World Music e NuJazz, todos eles interpretados dende a personalidade vocal que caracteriza á artista. Ecléctico, atrevido e sobre todo auténtico, chega ao panorama musical actual como un sopro de aire fresco, un sentir e transmitir diferente que, baseado na liberdade creativa absoluta, trata cuestións universais e reflexións sensoriais musicalizadas en pegadizos estribillos e intensas letras.

GATOS BIZCOS

Gatos Bizcos é un grupo madrileño que nace fai cinco anos, aínda que os seus componentes eran xa habituais do circuito de música ao vivo de Madrid. Un día decidiron facer un concerto xuntos e despois viñeron máis e máis... O seu novo traballo discográfico é Eurovegas, un álbum cargado de swing, soul e moito blues, un traballo moi maduro e con cancións redondas. Os seus directos son divertidos, bailables, dinámicos e moi sorprendivos.

A BANDA DAS CRECHAS

Esta banda, protagonista da mítica foliada da Casa das Crechas, recrea para o Feito a Man a maxia que se respira no local cada mércores de inverno desde que a moitos nos alcanza a memoria.

POETARRAS

Poetarras é un colectivo arterrorístico formado por Manuel Gago, Pablo Lamosa, Rubén Lino e Daniel Vilaverde que naceu no 2013 logo dunha noite de esmorga a base de licor café e galicolas. Os 4 mozos deciden facerlle a competencia a Resistencia Galega e converterse no referente da loita armada do pobo galego, aínda que tiveran que renunciar ao traballo e á parella que non tiñan. As súas armas serían sketches e cancións, humor e música, retranca e melodías, e para a súa misión contarían co apoio de arterroristas autónomos. O obxectivo? Ofender a alguén nalgún lugar por algún motivo... ou non. En realidade o obxectivo dos Poetarras é facer o que lles peta sen preocuparse das molestias que causen polo camiño (porque sempre haberá alguén molesto co que fagan) e que o único filtro do seu traballo sexa o do que consideran gracioso. No fondo son moi riquiños e non buscan pelexa... pero se hai que dar un par de hostias, danse.

RAMOS

Ramos, natural de Noia, practica un rock de carácter e matices con alta sensibilidade e contundentes letras persoais. O gañador da categoría pop-rock da convocatoria SGAE Galicia Creativa tamén é compositor en montaxes escénicas e veterano en diversos grupos de rock e jazz en Galicia como Maroñas quintet, Vos Kinindiolas ou Narf.

GREEN WITH ENVY TRIO

Green with envy trío é o novo proxecto paralelo do guitarrista compostelán Valentín Caamaño, no que rinde homenaxe ao gran guitarrista Grant Green, sempre co blues como raíz e referencia, tratando de captar a esencia da súa música e interpretación, pero a través da súa persoal forma de entendelas. O trío complétano Andrés Rivas e Juyma Estévez e ten decidida vocación de continuidade e de traballo na difusión da figura do guitarrista de St. Louis.

THE COQUETTOS

The Coquettos é un trío de swing vintage inspirado na estética e na sonoridade dos grupos franceses dos anos 30, sobre todo o Quintette du Hot Club De France, con Django Reinhardt e Grappelli. Recuperar un instrumento coma o violín, parte indispensable das primeiras formacións de jazz tanto americanas como europeas, é parte do seu atractivo.

JAP4

JAP4 é un cuarteto de Compostela que leva á práctica a fusión do rock, funk e jazz. Cun feixe de temas propios que fan alusión a 1984 de G. Orwell, Fela Kuti ou lugares da contorna como Chan de curros. Trátase dunha música orgánica, bailable e con capacidade para sorprender pola maxia da improvisación. No repertorio inclúen revisións de temas de Miles Davis, Freddie Hubbard ou Jaco Pastorius.

TATO TRÍO

Trío formado por L.A.R. Legido á batería, Alex Salgueiro ó órgano Hammond e David Vázquez "Tato" á guitarra. Xúntanse para render homenaxe a algunhas das figuras máis importantes do xénero soul-jazz dos 60's, 70's buscando reflexar a frescura musical da época determinada pola sonoridade do Hammond.

MICHELLE ALANY & THE NEFESH JOYKESTRA

Michelle Alany tráenos interpretacións actuais de melodías ancestrais, cordas hipnóticas, improvisacións arrolladoras, coa súa música chea de alma e enerxía. Acompañaa unha banda fóra de serie: a Nefesh Joykestra de Austin (Texas). Excitante música de baile balcánica e mediterránea, jazz manouche e composicións evocadoras e orixinais de violín.

DIDJANG

Duo formado por Tomás Carro Alvite e Adrián Barreiro Martinez, onde se mesturan dous instrumentos máxicos que son o Didgeridoo (Australia) e o Hang Drum (Suiza). Un estilo musical do máis innovador que recorda ao Trance-Orgánico e todo elo mesturado con bases de BeatBox.

BENTO VELOSO & LOS DOCE TRINCHES

Bento Veloso & Los Doce Trinchas é unha banda coruñesa que nace dun encontro fortuito dos seus integrantes. O seu estilo abarca un amplo espectro de influencias, dende o garaxe máis surfeiro ate o folk máis medieval, pasando polo western, pero sempre con ese toque lisérxico que caracteriza as súas letras e sons. É ao que eles chaman “psicofolk garagero”. Teñen un contundente directo que lles fai conectar enseguida co público máis diverso e, ademais da profesionalidade, sempre demostran unha grande paixón polo que fan enriba do escenario.

TRANSLATIONS TRIO

Repertorio de versións a flamencadas de distintos autores e músicas; dende John Lennon ata Charles Mingus por bulerías ou fandangos... O trio utiliza os ritmos flamencos e a liberdade do jazz para adaptar e reubicar clásicos nunha paisaxe nova e suxerente... Non é flamenco,

tampouco é jazz; é as dúas cousas e non é ningunha delas...O trio aposta pola escolla escrupulosa do repertorio para que se adapten á premisa dos paus flamencos, así como nos arranxos que coidan e personalizan ca idea de converter as composicións en pezas novas...

SERGIO TANNUS TRÍO

Despois de case 4 anos, o multi-instrumentista e cantautor Sérgio Tannus, o pianista e teclista Serginho Sales e o percusionista e baterista Paulo Silva, están xuntos novamente e fan un percorrido musical sobre toda a traxectoria do trío. Temas dodisco Son Brasilego, cancións novas compostas nos últimos anos, cancións brasileiras para bailar e moi coñecidas polo público e, como non podía faltar nun concerto desta formación, un xeneroso espazo adicado aos ritmados e potentes temas instrumentais como os chorinhos cariocas e os frevos nordestinos. Ademais, o trío contará coa especial colaboración do contrabaixista Pablo Vidal que dará aínda máis forza e "pegada" ao encontro. Un concerto para bailar, cantar e divertirse.

EDU CALVARIO & LOS MÁRTIRES DEL CAMPOSANTO

Calvario desenvolveu a súa carreira musical en Barcelona tocando con bandas de todo tipo de procedencias: españolas, arxentinas, suecas... Tras uns anos xirando por diversos lugares regresa á súa cidade natal, A

Coruña, para emprender o seu proxecto persoal para o que conta coa compañía de tres veteranos da escena musical: Joki CR no baixo, Jon LaCroix á guitarra e Ramón Saleta golpeando as baquetas na batería. O cuarteto ofrece temas sinxelos, directos, con aires do folk americano máis puro, e toques de pop, rock e soul, que falan de situacións e experiencias persoais e do percorrido atopado no complexo universo da música.

SPACE FLIPPER

Arrollador e enerxético directo desta banda que leva un ano tocando por toda a xeografía galega, facendo versións dende Brenda Lee a Os Mutantes pasando por Mayall ou Rex Garvin... e facendo cancións propias potentes e bailables.

OÎMA

Oîma somos Antía Ameixeiras, Martiño Senande e Olalla Liñares. Arrexuntando violino, acordeón diatónico e clarinete facemos música inspirada na tradición galega e europea. Iso si: nós tocamos para que vós bailedes!

MARCOS PIN TRIO FT. PABLO CASTANHO

Naima Acuña, Paco Charlín e Marcos Pin forman este trío de Jazz acústico contemporáneo. Tres músicos sobradamente coñecidos e reputados no panorama Jazz nacional, con extensas traxectorias e discografías que de seguro conseguirán coa súa música transportarnos a un mundo musical sin parangón. Nesta ocasión o trío engade a presenza e virtuosismo do saxofonista alto Pablo Castanho, outro dos máis renomeados e admirados intérpretes. Un concerto para deixarse levar e permitir aos sentidos e imaxinación voar.

LOS ROCKIN' CORSARIOS

Los Rockin' Corsarios teñen dous anos exactos de existencia: debutaron como tal no Feito a Man 2014.. aínda que os seus compoñentes tocaron xuntos moitas veces ao longo do tempo e xa contan cunha longa traxectoria musical. Forman un cuarteto de batería, contrabaixo e dúas guitarras con voz solista. Cuarteto de rockabilly cincuentaíro pero tamén teddy boy e ecos country. Cantan en español historias propias.

NARCI RODRÍGUEZ / MARCOS PIN DUO

O dúo formado por Marcos Pin na guitarra e Narci Rodríguez na voz, guitarra e beatbox proba definitivamente que calquera composición, por moi antiga que nos pareza a priori, pode ser refrescada de tal

maneira que se nos presente como contemporánea ou incluso futurista. Narci Rodríguez é un excelente cantante e improvisador, multinstrumentista, coñecedor tanto da tradición coma do actual e iso nótase dende a primeira nota que sae da súa gorxa. Marcos Pin móvese coma peixe na auga en calquera tipo de formación; ben sexa big band, trio, cuarteto, dúo ou só... é un deses poucos guitarristas capaces de facernos sentir ritmo, melodía e harmonía sen necesidade de instrumentos a maiores. Xuntos, Narci e Marcos, ofrécennos un concerto íntimo, feroso, transportador de emocións. Un agasallo para o ouvido mais esixente.

DE LOMBAOS

Quinteto compostelán de funk - rock formado no 2013. Recentemente galardoados co premio do público no festival Revenidas, están a presentar o seu primeiro traballo discográfico titulado "Onde vai a luz". Música feita con naturalidade e paixón.

FANFARE CIOCARLIA

A Fanfare Ciocârlia son unha besta de metal de 24 patas cuxo funk groove oriental leva moitos anos rompendo auditorios en todo o planeta . A súa enerxía e inxenio extendense rapidamente por todos os lugares que visitan para manter vivo o verdadeiro espírito da música

xitana. Pode que eles só falen o dialecto romaní da súa localidade, pero a súa música fala unha lingua internacional e as audiencias respostan á fereza do seu funk balcánico, convertindo os concertos en festas. As raíces do estilo musical veñen principalmente das tradicións da música romaní e a música rumana tradicional de baile, pero tamén toman prestado libremente de estilos musicais turcos, búlgaros, serbios e macedonios. Ademais incorporan hits tanto de Hollywood como de Bollywood no seu amplo repertorio.

KOKOMO

O duo KOKOMO é como unha Hidra de dúas cabezas cuspiendo música disparatada, poderosa e enerxética, coa intención de levar o son dos anos setenta a unha moderna mutación. Entre eles créase un absoluto desafío, por unha banda o frenético xogo de K20 na batería e, pola outra, a voz e brutal guitarra de Warren. O resultado do dúo non será a morte, senon a resurrección dun son ou tamén a túa, se é que a precisas...

ALEJANDRO VARGAS TRÍO

Trío que xa conta cunha traxectoria de seis anos de creación colectiva abarcando linguaxes que van dende a música contemporánea ao jazz ou a música afrocubana. Formaron parte de relevantes proxectos

dentro de formacións dirixidas por Alejandro Vargas, sempre dende un traballo de cámara e con diferentes formatos. O seu disco "Miniaturas de Eugenio Granell", gañou Premio Especial nos Premios Cubadisco, compartindo esta alta distinción coa lexendaria Omara Portuondo. O estilo musical vai dende o abstracto ata o máis tradicional, onde os estándares de jazz e a música popular cubana son levados á estética da improvisación libre, onde se explora e extralimita a forma tradicional de tocar os instrumentos incorporando diferentes obxectos sonoros que enriquecen a súa linguaxe, son e performance.

RADIO COS

Xurxo Fernandes e Quique Peón, cantantes e percusionistas do grupo, son dous referentes no eido da investigación etnográfica en Galiza. As melodías utilizadas neste proxecto pertencen aos seus arquivos de gravacións de campo, traballo que levan facendo por todo o país desde hai máis de tres décadas. Vai para xa nove anos que Radio Cos leva percorrendo escenarios en Bélxica, Inglaterra, Escocia, Bretaña e Galiza transmitindo o seu modo de entender a nosa música tradicional. Agora preséntannos o seu primeiro disco, música de raíz que mestura a sonoridade máis arcaica con elementos tirados da propia tradición e melodías alleas que gardan relación co país.

#feitoaman2016

www.festivalfeitoaman.gal

facebook: @festivalfeitoaman

twitter: @festfeitoaman

instagram: @amanfeito

Canle de youtube:

<https://www.youtube.com/channel/UCT8zWKKKdyKv4GH6WDIP8HQ>